

## O APOXEO DO AGRARISMO CATÓLICO GALEGO

ALBERTO MARTÍNEZ LÓPEZ  
*Membro do Colectivo de Historia Xerminal*  
*Rafael Alberti, 9, 3.º esda. 15008 A Coruña*

**Resume.** A presente investigación pretende estudar unha das coxunturas de maior crecemento asociativo do agrarismo confesional galego. Para isto centrarémonos na campaña de propaganda protagonizada polos dirixentes da CNCA, o xesuíta Nevares e o rico propietario Antonio Monedero durante 1918, xunto co seu antecedente de 1915. Analizaremos por último os mecanismos propagandísticos empregados polo sindicalismo católico agrario.

**Abstract.** *The Apogee of Galician Catholic Agrarianism.* This investigation studies one of the most rapidly growing associations in Galician confessional agrarianism. We center on the propaganda campaign carried out by CNCA leaders, the Jesuit, Nevares, and the wealthy landowner, Antonio Monedero in 1918, as well as the preceding one, which took place in 1915. Finally we analyze the propaganda mechanism, used by the Catholic Agrarian Unions.

### INTRODUCCIÓN

O agrarismo galego ten despertado nos últimos anos o interese dos especialistas, tanto pola súa innegable capacidade mobilizadora do campesiñado como polos rasgos específicos que adquire en Galiza, que o diferencian claramente dos seus homónimos andaluz ou mesetario. Destacan ao respecto os estudos, baixo a forma de *Crónicas*, de J. A. Durán. Porén, existe un sector deste movemento cuxa liña evolutiva permanece case na penumbra, a pesares da súa indubidable presenza e continuidade; estémonos a referir ao sindicalismo católico agrario.

Para tentar de encher, nunha mínima parte, esta lagoa bibliográfica, creemos que pode ser de interese coñecer un dos momentos claves no crecemento asociativo labrego de signo confesional: as campañas propagandísticas de 1915 e, sobre todo, 1918.

### OS ACTORES

Os dous principais protagonistas desta historia son o xesuíta Sisinio Nevares Marcos (1878-1946) e o rico propietario Antonio Monedero Martín (1872-1940). Ambos eran palentinos de nacemento e se converterán nos motores da sindicación católico-agraria a partir de 1912. Neste ano o P. Nevares organiza en Valladolid a primeira xunta de propagandistas agrarios, fundando ao ano seguinte a Federación de Sindicatos Agrícolas Católicos de Valladolid.

Antonio Monedero, atraído ás ideas social-católicas polo petrucio do catolicismo social español, o P. Vicent, era poseedor de amplas extensións de terra na súa vila natal de Dueñas. Contribuíu decisivamente á creación en 1917 da Confederación Nacional Católica Agraria, da cal foi o seu presidente e alma mater deica 1921, ano en que se viu obrigado a presentar a súa dimisión, por causas non aclaradas totalmente. Desempeñará a Dirección Xeral de Agricultura durante o



Fotografía 1. «Hoja Agropecuaria», logo denominada «Galicia Agropecuaria», suplemento do diario coruñés *El Ideal Gallego*.



Fotografía 2. Inauguración do local social do SAC de Vedra, con asistencia do Marqués de Santa Cruz.

conflictivo verán de 1919, baixo o goberno de Maura (CASTILLO, 1976, 201 e 213).

Tanto Navares e Monedero como gran parte dos propagandistas menores (Agustín Ruiz, Carlos P. Sommer, Joaquín Herranz, etc.) que interveñen nestas campañas poden ser incluídos dentro dun dos grupos máis conservadores do catolicismo social español, o aglutinado en torno á Compañía de Xesús e baixo o control/protección do influente Marqués de Comillas (BENAVIDES, 1973, 330-346).

### CONTEXTO

#### Situación do sindicalismo agrario católico

Xa desde principios da presente centuria existían asociacións agrarias de signo confesional en Galiza, pero teremos que agardar até 1906-9 (1) para observar un importante medro orixinado pola conxunción de tres eventos favorábeis: a Lei de Sindicatos Agrícolas de 1906-8, as visitas do P. Vicent a Galiza entre 1906-9 e a celebración en Santiago da IV Semana Social no ano 1909. Non obstante estes esforzos se malogaron nos anos seguintes por mor da desconfianza xenerada na xerarquía eclesiástica e a causa tamén das presións caciquís.


Coa organización destas novas campañas de 1915 e 1918 pretendíase sacudir o marasmo en que se atopaba sumida a actividade sindical.

En 1918, momento da principal e definitiva expedición por terras galaicas, a CNCA estíbese expansionando a partir dos seus núcleos orixinarios e básicos de Castela a Vella, Levante e Navarra-Aragón, cara as esquiñas nórdicas da península: Cataluña e Galiza, consolidando en ambas nacionalidades unha forte presenza (CUESTA, 1978, 214-6).

Este interese específico por Galiza debíase á existencia dunha serie de condicións estruturais que a convertían en terreo abonado para a sindicación católica: o seu complicado e espallado sistema de propiedade, que facilitaba o triunfo das ideoloxías propietarias se se utilizaba con intelixencia e habilidade o mecanismo da redención «xusta» do problema foral; a grande influencia do clero, unido todo iso á moi escasa incidencia de grupos políticos ou sindicais de esquerda. A todos estes motivos habería que engadir a conflictividade ocasionada polo movemento agrarista, cunha reducida pero progresiva penetración socialista. O pánico ante esta marea revolucionaria reforzará o interese dos grandes rendistas por fomentar e apoiar ás organizacións sindicais de orde e respetuosas co dereito de propiedade como eran as católicas (2).

(1) É nesta coxuntura cando se fundan, no feudo mellista de Arzúa, varios SAC de orientación carlista, DURAN, 1981, pp. 39-52. Según I. JIMENEZ había en Galiza 26 SAC e 20 Caixas rurais, *La Paz Social*, abril de 1909, pp. 171-4 e maio de 1909, pp. 241-7.

(2) «Todo ello... ha dado lugar en que... se hayan organizado... algunos centros socialistas, que irradian el mal a su alrededor. Estos centros socialistas... son un peligro grande... si otra organización, contraria y práctica, no les gana el terreno ahora, que aún es tiempo». Monedero, 1921, p. 49.



Fotografía 3. Selo do SAC de San Xulián de Sante.

### A coxuntura socio-económica

O contexto económico, marcado polo enfrentamento bélico europeo, caracterizábase por un grande aumento das exportacións e descenso das importacións, orixinando unha incontenible inflación a causa da escaseza de produtos no mercado español, tanto alimenticios como industriais. Nesta etapa prodúcese unha enorme acumulación de beneficios, supondo a consolidación definitiva do capitalismo español (ROLDÁN e GARCÍA DELGADO, 1973).

Este alza das subsistencias ocasionaba en primeiro lugar un descenso acusado na capacidade de compra dos asalariados, ora fosen obreiros industriais ora xornaleiros. Agora ben, ¿Cómo repercutía sobre os campesiños galegos? Ao practicar estes maioritariamente unha agricultura de autoconsumo, e estar fortemente gravados polas rendas forais e impostos, o aumento de prezo das mercancías, especialmente as que necesitaran ineludiblemente para anovar o ciclo productivo, suporíaalles un empioramento na súa xa precaria situación económica. Isto era debido a que a forte inflación non podía ser compensada pola venda do seu excedente, que ademais de ser exiguo, era detraído en grande parte en concepto de rendas e, sobre todo, impostos (VILLARES, 1982, 232). Hai que ter en conta ademais que os prezos industriais subiron máis que os agrícolas, ocasionando unha degradación das relacións de intercambio. Como posta de ramo a esta crítica situación prodúcese unha drástica redución dos xiros bancarios procedentes da emigración americana, a causa da primeira guerra mundial, e que desempeñaban un importante papel no equilibrio da economía campesiña.

Esta nova coxuntura económica provoca unha agudización das loitas sociais

no Estado español, en sintonía con proceso revolucionario europeo. A súa tradución no campo galego realizábase mediante a crecente radicalización do movemento agrarista, que comenza xa a falar da abolición dos foros.

Pasemos agora, sen máis preámbulos, a centrarnos no tema obxecto do noso artigo.

### A CAMPAÑA DE 1915

Foi realizada a petición dos bispos de Ourense e Tui, suscitando ao parecer un forte interese, especialmente na provincia ourensá (3). Esta expectación hai que relacionala coas arelas dos sectores conservadores por frear o ímpetu basilista, en irresistible ascensión por aqueles anos e pagos, agravándose este perigo pola súa crecente conxunción electoral cos republicanos e socialistas.

Moitas das esperanzas nadas en Galiza ante esta viaxe estaban motivadas polo desexo de utilizar o sindicalismo católico como correa de transmisión dunha política rexeneracionista confesional, enfrentándose ao caciquismo endémico da Restauración. Así o denuncia, abraiado e disconforme, o propio Monedero.

Esta campaña ten un reducido radio de acción, tanto temporal —a primeira decena de xullo—, como espacial —a bisbarra vinícola do Ribeiro—.

Especial importancia vai ter a colaboración dos párrocos para a mobilización campesiña, dado o seu enorme poder de convocatoria e influencia social, a maiores das súas aportacións financeiras.

Os dous «pesos pesados» da expedición van ser reforzados coa intervención de propagandistas locais como Marcial Ginzo Soto —director do diario ourensán *La Región*—, ou os futuros dirixentes galeguistas Luis Peña Novo e Antonio Losada Diéguez. Este último, de familia fidalga e carlista, é un caso paradigmático de maridaxe entre tradicionalismo, galeguismo e catolicismo social, unión que se empeza a quebrar a partir de 1918, momento en que o galeguismo afonda nas súas formulacións nacionalistas, liberándose do lastre rexionalista e antiliberal (MARTÍNEZ LÓPEZ, 1984).

Nos mítins celebrados, rodeados frecuentemente dun ambiente lúdico, musical e ruidoso, que rompe o tópico do galego triste e morriñento, os temas tratados adoitan ser os seguintes: o abandono en que se atopa a «clase agrícola», a necesidade da unión para remediar estes males, as características e fins da sindicación católica —compra-vendas en común, cretos para redimir aparcerías e foros—, necesidade de melloras técnicas, apoliticismo, retórica anticaciquil, etc.

Os logros obtidos con estes esforzos foron máis ben magros a curto prazo. A pesar deste fracaso, o país galego seguía sendo unha peza cobizada, nuns momentos en que a estabilidade social se estaba a deteriorar con gran rapidez e o movemento abolicionista recibía un forte pulo no sul da Galiza, escaerío precisamente dos actos que acabamos de relatar. A pesar deste interese certos atrancos van retardar a nova campaña deica o verán de 1918.

(3) Así o atestigua Monedero en carta dirixida ao P. Nevares, datada en Dueñas o 26-VI-1915. *Legajo CNCA n.º 1*.



Fotografía 4. Edificio do Centro de Acción Social Católico de Mondoñedo.

#### A CAMPAÑA DE 1918

No intre de iniciarse este segundo intento o balance das organizacións sindicais confesionais en Galiza era o seguinte (4): nos medios obreiros a penetración era moi escasa, non superando na maioría dos casos o obsoleto modelo organizativo representado polos Círculos Católicos de Obreiros, caracterizados polo seu interclasismo, paternalismo e nulo espírito reivindicativo. Subsistían estes organismos en todas as cidades galegas e mesmo nalgunha vila. Unicamente en moi contadas localidades (Mondoñedo, Vigo, Viveiro), existían sociedades ou sindicatos, dos que por outra banda non temos constancia de que levasen unha activa vida societaria, limitándose xeralmente a actuar como sociedades de socorros mutuos.

(4) *Memoria estadística social-agraria de las entidades agrícolas y pecuarias en 1-IV-1918*. Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Agricultura. Madrid 1918.

No terreo agrario a realidade, en líneas xerais, non era moito máis boiante. Se exceptuamos a parte occidental da provincia ourensá (ribeira do Miño prolongándose por terras pontevedresas, así como a do río Limia) e a diócese mindoniense, o resto de Galiza aparecía ermo de organizacións confesionais.

Por estas épocas sobrevivían pouquísimos sindicatos dos creados ao calor da favorable lexislación de 1906-8. A maioría das entidades agrícolas existentes en 1918 constituíranse entre os anos 1914-1917. Na zona do Ribeiro obsérvase a pegada deixada pola campaña de 1915, pois se ben a curto prazo non se fundaron moitos sindicatos, en cambio a semente foi callando no bienio seguinte, chegando en 1918 a ser, con grande diferenza, a comarca de meirande densidade sindical católica.

Nesta segunda xeira por terras galegas a propaganda abrangue practicamente toda a súa xeografía, contando xa cun apoio moito máis decidido por parte dos propietarios, ante a xa mentada radicalización agraria e o crecente perigo socialista.

A campaña desenvólvese en dúas etapas, unha fugaz a principios de maio, interrompida polo desplazamento dos propagandistas a Cataluña, e unha segunda etapa máis completa de xullo a outubro.

#### A CÁTEDRA AGRÍCOLA AMBULANTE (5)

Coincidindo con este interregno xurde na provincia coruñesa unha campaña agropecuaria ambulante de inspiración técnico-institucional que parece querer cubrir este valeiro. A iniciativa partira do SAC de Santa Etería de Pontedeume, o cal dirixiu unha proposta neste senso á Comisión organizadora da Festa da Agricultura. Varios técnicos pertencentes á citada comisión encargáronse de pór en marcha o ciclo de conferencias e prácticas agrícolas iniciadas o 15 de maio e que até o 8 de xullo recorrerán diversas localidades, xeralmente próximas á capital.

Todos os oradores habituais mantiñan excelentes relacións co catolicismo social, colaborando con frecuencia en «Galicia Agropecuaria», suplemento creado polo diario católico brigantino *El Ideal Gallego* o día 16 de maio dese mesmo ano. Dentro deste grupo convén resaltar a figura de Rof Codina, destacado especialista en temas gandeiros e que asesorará ás FFCCAA durante toda a súa existencia.

As conferencias pronunciadas versaban sobre aspectos técnicos, así como sobre as ventaxas dos sindicatos agrícolas, desde unha perspectiva profesionalista, tecnocrática e productivista. Esta visión do papel a desempeñar polas asociacións agrarias mantiña estreitos nexos de contacto coa defendida polo sindicalismo confesional.

Estas dúas campañas complementarias estarían englobadas, ao meu entender, nunha forte ofensiva conxunta (visíbel cando menos no caso coruñés, significativamente poseedor da máis importante fracción da burguesía mercantil galega) da burguesía rendista e industrial-comercial cuxo mercado potencial radicaba na modernización agrícola. Ambas estarían obxectivamente interesadas en susti-

(5) *EIG* 25-V-1918 e 9-VII-1918.



Fotografía 5. Marqués de Figueroa, presidente da FCA da Coruña.

tuir as prédicas revolucionarias realizadas no campo nos últimos anos por unha sindicación profesionalizada que servira de canle a unha modernización, nun senso capitalista, da agricultura galega. Isto lograríase ao través de reformas de tipo técnico: racionalización e especialización dos cultivos, introducción masiva de maquinaria e abonos químicos, etc. Non deixa de ser sintomático ao respecto a escasa ou nula atención prestada nestas conferencias á cuestión da propiedade e aos contratos agrarios, en forma de foros, arrendamentos ou parzaría.

Retomemos agora aos nosos personaxes no momento en que xunto con Ignacio Sanz, xoven avogado sevillano, propagandista e ex-redactor de *El Debate*, chegan de novo a Galiza, celebrando o día de San Fermín un mitin en Bóveda, ao fronte de cuxa nacente federación —que axiña trocará o seu nome polo de FCA de Monforte— figura o tamén mozo Marqués de Villaverde de Limia, sendo secretario o activo sacerdote Manuel Cageao, colaborador habitual no diario lucense *La Voz de la Verdad*.

Na capital provincial realizan diversos actos, organizando a correspondente federación, procedendo o bispo ao nomeamento da súa xunta provisional, de-

sempeñando dous avogados e un catedrático os principais cárregos (6). A designación das xuntas directivas por parte das autoridades eclesiásticas, bispos ou párrocos a nivel local, era norma bastante habitual na vida interna das entidades sindicais cristiás. Este carácter pouco democrático veíase reforzado polo sospeitoso monolitismo que rexistraban os resultados das propostas presentadas ás xuntas xerais de socios, dilucidadas con frecuencia polo sistema de «aclamación».

Posteriormente se desplazan á comarca de Ribadavia, azotada por unha grave crise vinícola. Nesta vila celébrase un mitin, coa conseguinte fundación de sindicato, en cuxa directiva, designada polo abade-párroco, predominan aplastantemente os comerciantes, avogados e propietarios, aínda que a súa base social sexa moi ampla (7). Nefeuto, unha das características vocacionais do sindicalismo católico reside no seu interclasismo, a súa vontade integradora e totalizante, desexando englobar nas súas entidades a todas as profesións relacionadas coas actividades agrarias, e que constituían, según el, a esquelada e discriminada clase agrícola. Esta abranguería desde míseros xornaleiros até opulentos e absentistas latifundistas, pasando por arrendatarios, foreiros e pequenos propietarios, sen deixar fóra aos técnicos agro-pecuarios, e mesmo aos mestres e párrocos rurais que tamén tiñan cabida neste conglomerado. Deféndese unha concepción verticalista dos organismos sindicais, dentro dunha visión corporativa do conxunto da sociedade.

O sindicato ribadaviense, a pesar de estar na provincia de Ourense, vaise agregar á FCA de Tui, por pertencer a esta diócese. Isto está motivado porque a estrutura organizativa do sindicalismo católico a nivel territorial reproduce con bastante fidelidade ás demarcacións eclesiásticas: parroquia-diócese.

No teatro tudense darán un importante mitin o día 18 de xullo. Nesta acto dirixirá a palabra o bispo galeguista e filo-carlista Lago González, veterano impulsor do agrarismo confesional desde os tempos en que organizara, con estes mesmos propagandistas, unha federación na súa anterior diócese de Osma.

Durante varias xornadas máis complétase a serie de actos organizados no sul da provincia pontevedresa, culminando o día 30 coa creación da FCA de Tui, cuxos dirixentes procedían da burguesía local (8).

Pouco despois se trasladan á capital relixiosa de Galiza. Curiosamente non realizan ningún acto nos territorios comprendidos entre Tui e Santiago, comarcas de importante implantación socialista. Ao parecer a táctica católica consiste en abandonar as zonas de influencia esquerdista como «casos perdidos» e concentrar en cambio as súas forzas nas localidades virxes, onde se estaría aínda a tempo de neutralizar ás organizacións de clase.

En Santiago esbozan unha xunta provisional encargada de irles preparando o terreo pensando no seu retorno ao mes seguinte. Continúan logo camiño cara Coruña, en cuxa área de influencia realizan unha serie de actos durante o mes de agosto, destacando a conferencia pronunciada no Instituto a petición da comisión organizadora da Festa de Agricultura, con asistencia de «numeroso y selecto público». Na presidencia atopábase, entre outras persoalidades, o Marqués de

(6) *La Voz de la Verdad* 11-VII-1918.

(7) *La Región* 13-VII-1918.

(8) *Revista Social* n.º 217 agosto de 1918, pp. 513-514.

Figueroa, ex-ministro de Gracia e Xustiza, destacado maurista e presidente pouco despois da FCA da Coruña.

Por estas datas constitúese o Consello provincial de Agricultura e Gandería, con forte presenza católica. Anunciábase asimismo a creación dun centro de Acción Social Católica e da revista de cuestións católico-agrarias *Acción Social*, ambos en Mondoñedo e cuxa posta en marcha retrasarase a fins de ano.

Nas postrimerías de agosto Monedero abandoa Galiza, acompañado por Ignacio Sanz e deixando en mans do P. Nevares o peso da campaña.

#### PROPAGANDA DE NEVARES-AGUSTÍN RUIZ

En relación coa viaxe de Monedero e Nevares, está a chegada a Galiza do curmán e man dereita deste último, Agustín Ruiz, presidente do «Sindicato Católico de Ferroviarios de Valladolid». Xa estivera durante o outono anterior por terras galaicas, contribuíndo decisivamente á fundación dun sindicato homónimo na Coruña.

O día 8 de agosto chega de novo á cidade herculina, pronunciando esa mesma tarde unha conferencia no local social dos ferroviarios católicos. Durante a súa estancia na cidade cambiou impresións cos directivos e asociados da recién constituída sociedade «La Protectora de Tranviarios», á cal deu outra conferencia, tentando atraela ás ringleiras do sindicalismo confesional, sen resultados tanxíbeis (9). Logo duns días parteu para o Ferrol onde, xuntamente con Nevares, realizou varios actos, desplazándose posteriormente a Santiago, Vilagarcía e Vigo.

O día 12 de setembro, con asistencia de representantes de 16 sindicatos, tivo lugar a constitución da FCA da Coruña (10).

#### No condado de Ortigueira

Durante a primeira quincena de setembro asistimos a unha intensa actividade nesta zona do xesuita Nevares, secundado por Eugenio Vázquez Gundín, rexistrador da propiedade, Antonio Maseda Bouso, avogado e propietario, e Juan Metá, vicerrector do Seminario mindoniense.

Houbo ao parecer algúns intentos de «reventar» os mitíns. Os seus autores serían, probabelmente, membros dos sindicatos agrícolas «neutros» — de tendencia laico-centrista —, englobados na «Federación Agraria de Ortigueira», en constantes enfrontamentos cos católicos e baixo a órbita de Leandro Pita Romero, ministro radical durante a II República.

O labor propagandístico foi moi eficaz, pois se lograron fundar 17 sindicatos, que poucos meses despois contarán cun órgano de expresión propio, *Acción Agraria* (11).

(9) *El Ideal Gallego* 13-VIII-1918.

(10) *Idem* 7-IX-1918.

(11) Sobre a prensa católico-agraria en Galiza ven de imprimirse a nosa conferencia do mesmo título pronunciada nas *III Xornadas de Historia de Galicia* celebradas en Ourense en Decembro de 1985.



Fotografía 6. Banquete ofrecido polo xornal *El Ideal Gallego* a varios membros galegos da ACNP, coa presenza do seu presidente a nivel estatal, Herrera Oria.

#### Comarca de Bergantiños

A seguinte zoa intensiva de actuación será a comarca de Bergantiños, ao suroeste da capital coruñesa. É de destacar a colaboración de Arturo del Moral Sanjurjo, deputado maurista por Corcubión, o cal nos confirma as concomitanzas políticas existentes neste momento entre o catolicismo social e os mauristas, especialmente a súas activas mocedades.

Nos actos que se celebran, como é habitual, intervirán os notábeis locais como avogados, farmacéuticos, etc.

#### A Federación de Santiago

O núcleo clerical mais potente da nación non podía, obviamente, manterse á marxe deste frenético activismo. Deste modo se planificaba, a fins de setembro, unha intensa campaña propagandística para o establecemento de varios sindicatos nos territorios dependentes directamente da diocese compostelá.

A comisión organizadora estaba integrada polo máis selecto da sociedade santiaguesa, desde a intelectualidade universitaria até a burguesía terratenente ou financeira.

Realizáronse actos en 15 localidades, que orixinaron a fundación de nada menos que 46 sindicatos. Coa finalidade de vertebrar estes copiosos froitos, consti-

tuindo a federación de Santiago, celebrouse en dita cidade unha Asamblea no salón de festas do «Círculo Católico de Obreros» a finais de outubro (12). Ocupaba a presidencia de honor o bispo auxiliar, costume tradicional neste tipo de reunións e que simbolizaba o desexo de acatamento e sumisión á xerarquía eclesiástica. A dureza do tristemente célebre andacio gripal de 1918 restou lucimento a esta Asamblea, motivando unha escasa asistencia, pois só asistiron 13 sindicatos dos máis de 40 previstos. Con todo naceu por fin a FCA de Santiago, sendo reelixida a antiga comisión organizadora como nova xunta directiva. O seu domicilio social quedou establecido no devandito Círculo. Na orde práctica acordouse procurar o arribo de superfosfatos, millo e outros insumos agrícolas.

Resta unicamente por reseñar que a fins de agosto se creara a federación de Bóveda, integrada por seis sindicatos.

### LOGROS DA CAMPAÑA DE 1918

A diferenza da campaña de 1915 en que a actividade propagandística tivera un radio de acción bastante reducido —bisbarra do Ribeiro—, e con resultados bastante escasos, cando menos a nivel inmediato, nesta nova etapa de 1918 o esforzo realizado foi moi superior. Os actos de masas abranguen unha parte considerábel do territorio galego: a provincia coruñesa na súa práctica totalidade, as zoas sul e noroeste de Pontevedra e a depresión monfortina xunto coa súa capital provincial, permanecendo en cambio marxinada a provincia de Ourense.

Os resultados obtidos gardan, como era de esperar, unha grande similitude xeográfica co antedito. Alcánzase unha grande densidade sindical na provincia coruñesa, cun total de 79 sindicatos constituídos por estas datas, destacando catro núcleos: o centro-oriental, o municipio de Ortigueira, a parte sul do Golfo Ártabro e a conca central do río Ulla. En Pontevedra destaca a zoa sul e, en menor proporción, a beira sul da ría de Arousa, contabilizándose un total de 43 entidades. O terceiro posto correspondente á provincia lucense, centrándose os seus sindicatos na comarca de Monforte, cun total de 11 organizacións. Por último ficarían os 3 sindicatos creados en Ourense, febleza relacionada co solitario mitin celebrado polos propagandistas.

Todo isto nos proporciona un conxunto de 136 sindicatos agrícolas fundados por estas datas, aos que habería que engadir, en boa lóxica, os 48 que existían xustamente antes de iniciarse a segunda campaña, que nos daría un total de 184 entidades agrarias confesionais, agrupadas en cinco federacións: Lugo, Monforte, Tui, Santiago e Coruña, ás que se unirían ao ano seguinte ás de Mondoñedo e Ourense, completando deste modo a organización en Galiza. Tomando para estes anos unha media de 170 socios por sindicato, contabilizamos ao redor de 31.000 campesiños (ou máis correctamente de familias labregas, xa que os socios dun SAC eran as unidades familiares representadas polo seu cabeza) encuadrados nestes organismos.

(12) *El Ideal Gallego* 27 e 31-X-1918.

### METODOLOXÍA DA PROPAGANDA SOCIAL-CATÓLICA

Imos por último a analizar os mecanismos propagandísticos que se desprenden destas campañas.

Desde o primeiro momento da súa constitución a CNCA dotouse dun plantel de propagandistas profesionais, empregando como canteira á Asociación Católica Nacional de Propagandistas. Caracterizábanse pola súa esmerada formación, estreita vinculación cos xesuítas, elitismo, extracción burguesa, mocidade e activismo pragmático (13). Rexíanse por unha serie de regras de conducta moi estrictas tanto relixiosas como de hábitos persoais (14). Como cristiáns se lles esixía sumisión total ás autoridades eclesiásticas da súa diocese e como cidadáns a defensa da orde social baseada na relixión, autoridade, familia e propiedade.

O esquema de actuación era o seguinte (15):

1) Partíase dunha comisión organizadora, constituída polos notábeis da localidade máis vencellados á xerarquía diocesana.

2) Escríbíase aos bispos respectivos para contar co seu consentimento e apoio, procurando ao mesmo tempo que dictaran normas animando aos seus párrocos a secundar aos propagandistas.

3) Ademais da colaboración activa de propietarios e clero, búscase tamén a das autoridades, que adoitan presidir algúns mitins.

4) Emprego da prensa local e de follas divulgadoras para informar sobre os actos. A este respecto hay que destacar a importante cobertura que supuña a abundante prensa confesional galega, da cal destacaríamos polas súas tendencias sociais a *El Ideal Gallego*, da Coruña, co seu suplemento «Galicia Agropecuaria», e *La Voz de la Verdad*, de Lugo. Tamén convén valorar o interese con que segue esta campaña *El Debate* madrileño, que desplaza a un redactor co gallo de cubrir a información.

5) Preparar con anticipación os mitins e itinerarios.

O momento crucial, culminante, onde desembocaban todos estes esforzos era o mitin; a súa estrutura constaba de varias partes:

a) Breve presentación, normalmente a cárrego do párroco da localidade.


b) Intervención dos oradores. Os propagandistas-estrelas, Nevares e Monedero nesta ocasión, soen completar cartel con algún «telonero», procedente da ACNP, cuxa mocidade fai máis atractiva ao público a mensaxe transmitida; outras veces era algún notabel local o designado para completar o discurso.

Nevares e Monedero levan, loxicamente, o peso doctrinal da campaña; o esquema e os temas tratados soen ser sempre os mesmos, un diserta sobre aspectos xenéricos: a importancia da agricultura e da «clase agrícola» e o seu abandono polos sucesivos gobernos, a necesidade da unión en sindicatos e da modernización técnica (maquinaria, abonos químicos) para saír da miseria ao traveso do cooperativismo (compra-vendas en común, Caixa rural), explicación pormenorizada dos fins e funcionamento dun sindicato, etc. O outro propagandista salien-

(13) Sobre este grupo, de indubidábel importancia na posta en marcha das principais iniciativas do catolicismo social, é moi útil a lectura do penetrante e profundo estudo realizado por MONTERO, 1977, v. II, p. 439-541.

(14) Recopilados por MONEDERO, *Los principios básicos de la CNCA*, pp. 79-84, e resumidos por CASTILLO, 1979, p. 221.

(15) Nevares, «Método de hacer propaganda con eficacia», *legaxo CNCA n.º 1*.



Mapa

Sindicatos agrícolas católicos fundados entre maio e decembro de 1918

ta, a base de numerosos exemplos e comparacións, a aplicación práctica de todo o anterior.

c) Remate do mitin con frases de ánimo e indicacións para que se envíen delegados o día convido para a constitución do sindicato e proceder á elección da súa xunta directiva, que en moitos casos acontece o mesmo día do acto.

Dentro dun fondo ideolóxico común a propaganda social-católica axeita, modula a súa mensaxe ás diferentes realidades que, especialmente no caso agrario, eran moi díspares ante os distintos países de España. Así, no caso galego, trátanse temas específicos e importantes para o auditorio, como foros, parzarías, caciquismo, e mesmo de ámbito comarcal como os viños do Ribeiro.

A estrutura dos mitins realizados en Galiza ven sendo practicamente calcada do modelo estandar empregado noutras zoas. Este mimetismo orixinou as duras críticas sostidas por Vicente Risco contra os sindicatos confesionais, achacándo-

lles estar copiados do modelo castelán e a súa innecesaria catolicidade expresa. Porén xa vimos como, en canto á temática, procúrase incluír aspectos con «gancho»; dentro desta táctica populista encuádrase o tímido e esporádico emprego do idioma galego, non con carácter reivindicativo, senón como instrumento máis útil de achegamento ao campesiñado. Outro rasgo onde se observa esa necesidade de acomodar o modelo ás peculiaridades de Galiza é na estruturación territorial dos sindicatos, vertebrándoos a nivel parroquial en vez de municipal.



BIBLIOGRAFÍA

- BENAVIDES, D., 1973. *El fracaso social del catolicismo español*. Nova Terra, Madrid.
- CASTILLO, J. J., 1976. *Notas sobre los orígenes y primeros años de la CNCA*, en GARCÍA DELGADO, J. L., (ed.) *La cuestión agraria en la España Contemporánea*. Edicusa, Madrid, pp. 201-257.
- CASTILLO, J. J., 1979, *Propietarios muy pobres*. Ministerio de Agricultura, Madrid, pp. 552.
- CUESTA, J., 1978. *Sindicalismo católico agrario en España (1917-1919)*. Narcea. Madrid, pp. 310.
- DURÁN, J. A., 1981. *Crónicas 3*. Akal, Madrid, pp. 308.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A., 1984. Contribución ao estudo das relacións entre catolicismo social e rexionalismo na Galiza da Restauración. *Estudios de Historia Social*, 28-29, pp. 221-232.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A., 1986. A prensa católica agraria en Galiza. *III Xornadas de Historia de Galicia*. Deputación Provincial de Ourense, pp. 321-371.
- MONEDERO, A., 1921. *7 años de propaganda (crónicas de «Juan Hidalgo»)*. Madrid.
- RODRÍGUEZ MONTERO, J., 1977. *LA CEDA. El catolicismo social y político en la II República*. Revista del Trabajo, Madrid, 2 vols. pp. 1.539.
- ROLDÁN, S. e GARCÍA DELGADO, J. L., 1973. *La formación de la sociedad capitalista en España (1914-1920)*. Madrid.
- VILLARES, R., 1982. *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*. S. XXI, Madrid, pp. 453.

FONTES HEMEROGRÁFICAS

*La Voz de la Verdad*  
*El Ideal Gallego*  
*La Región*  
*Revista Social*

FONTES DOCUMENTAIS

*Legaxo CNCA n.º 1*